

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Planeamento e Xestión

Aprobación definitiva da Ordenanza de protección da atmósfera fronte á contaminación por formas da materia

EDICTO

Aprobación definitiva da Ordenanza de protección da atmosfera fronte á contaminación por formas da materia

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019, acordou aprobar inicialmente a “Ordenanza de protección da atmosfera fronte á contaminación por formas da materia”.

O dito acordo someteuse a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días hábiles no BOP n.º 46 do 07.03.2019, na sede electrónica do Concello e no taboleiro de edictos, sen que en dito período de información pública se achegaran reclamacións ou suxerencias.

De conformidade co artigo 49.1 da LRBRL, “no caso de non ter presentada ningunha reclamación ou suxerencia, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

De tal xeito que se entende definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e sen prexuízo do regulado no artigo 70.2 da Lei de Bases do Réxime Local (publicación íntegra do texto no BOP e transcurso de 15 días para a entrada en vigor).

Por isto, procede a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP e na sede electrónica, e dar conta no próximo Pleno ordinario da aprobación definitiva e publicación da Ordenanza.

A dita Ordenanza entrará en vigor transcorridos 15 días dende a súa total publicación no BOP.

A continuación publícase o texto íntegro da Ordenanza de protección da atmosfera fronte á contaminación por formas da materia.

ORDENANZA

Do Concello de Ferrol

ÍNDICE

PREÁMBULO

TÍTULO I. Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Dereitos e deberes dos cidadáns

Artigo 3. Definicións

TÍTULO II. Ámbito de aplicación da ordenanza

Artigo 4. Actividades susceptibles

TÍTULO III. Calidade do aire

Artigo 5. Intervención municipal

TÍTULO IV. Cheiros

Artigo 6. Emisión de cheiros á atmosfera

Artigo 7. Cuantificación de cheiros

Artigo 8. Valores límite de cheiros en inmisión

TÍTULO V. Condicións xerais de emisión e de depuración

Artigo 9. Criterios xerais de evacuación

Artigo 10. Altura de evacuación das chemineas en cuberta

Artigo 11. Previsión de cheminea en edificios de nova construción

Artigo 12. Sistemas de depuración de gases, partículas e cheiros

TÍTULO VI. Condicións específicas de emisión**CAPÍTULO 1. Climatización e ventilación**

Artigo 13. Acondicionamento de locais e instalacións

Artigo 14. Condensación

Artigo 15. Cómputo de caudal-caudal de evacuación independentes

CAPÍTULO 2. Garaxes e aparcadoiros

Artigo 16. Ventilación de garaxes e aparcadoiros

CAPÍTULO 3. Outras actividades 23

Artigo 17. Establecementos de hostalaría e fabricación de produtos alimenticios

Artigo 18. Instalacións de lixado, pulido, trituración e pulverización

Artigo 19. Locais con operacións de pintura o disolventes

Artigo 20. Limpeza de roupa e tinturerías

Artigo 21. Gandería, outras emisións difusas e incineración de residuos

TÍTULO VII. Instalación e mantemento dos sistemas depurativos

Artigo 22. Instalación

Artigo 23. Mantemento

TÍTULO VIII. Réxime xurídico

Artigo 24. Intervención administrativa

Artigo 25. Inspección

Artigo 26. Infraccións

Artigo 27. Sanción

Artigo 28. Procedemento sancionador

Artigo 29. Medidas provisionais

Artigo 30. Potestade sancionadora e órganos competentes

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: actividades e instalacións existentes

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: cambios na contorna

ANEXO I. Enquisa de percepción de cheiros

ANEXO II. Circunstancias eximentes para instalación de cheminea

PREÁMBULO

No ámbito dunha sociedade cada vez máis participativa e sensibilizada coa problemática medioambiental, existe unha demanda crecente e maior implicación das distintas administracións na protección do ambiente atmosférico e a saúde. Esta preocupación polo medio ambiente e a contaminación do aire en Europa supuxo, desde a última década do século XX, un obxectivo prioritario para a Comisión Europea. Desde a primeira Directiva marco de aire e o primeiro programa Aire Limpo para Europa (CAFE), ata o actual VII programa marco en materia de Medio Ambiente ata 2020 «Vivir ben, respectando os límites do noso planeta», o acervo comunitario nesta materia volveuse de xeito progresivo máis extenso e esixente.

En España, derivado deste marco legislativo comunitario, conxuntamente co marco xurídico que representa a Constitución Española no seu artigo 45 que recoñece o dereito de todos os españois «a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo», supuxo o desenvolvemento de novas normas que limitan as emisións de contaminantes atmosféricos, así como as súas concentracións en aire ambiente. Por citar algunhas das

leis máis relevantes, o Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, que reúne nun único texto legal as sucesivas modificacións á Lei IPPC (de Prevención e Control Integrados da Contaminación) e as disposicións en materia de emisións industriais contidas en normas con rango lei, ou a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, supuxeron a renovación do marco lexislativo de referencia sobre a prevención da contaminación atmosférica, regulando as emisións e inmisións de contaminantes na atmosfera.

Ás anteriormente citadas, debemos sumarlle a normativa específica referida ás emisións á atmosfera desde o ámbito residencial, como o Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios, no que se establecen as esixencias que deben cumprir as instalacións térmicas dos edificios no referente a benestar e hixiene, eficiencia enerxética e seguridade, así como o Real Decreto 314/2016, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, cuxo marco normativo establece as esixencias básicas de calidade dos edificios e as súas instalacións.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias que lle outorgan tanto a Constitución Española, as Leis estatais e o seu propio Estatuto de Autonomía, aprobou ao longo dos últimos anos distintas normas ambientais de gran transcendencia na protección do medio ambiente atmosférico, destacando, entre outras, a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental, a Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, e, recentemente, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Conforme ao establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, corresponde ás entidades locais exercer aquelas competencias que teñan atribuídas en virtude da súa lexislación específica. En particular, e no marco da lexislación estatal e autonómica, incumbe ás entidades locais adoptar as medidas necesarias para protexer o medio ambiente en materia de fumes, cheiros e po, entre outros.

Do mesmo xeito, a Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, atribúe ás corporacións locais, no seu ámbito territorial e sen prexuízo das atribucións que lles outorga a lexislación ambiental, industrial e de actividades, a aprobación das súas ordenanzas correspondentes nesta materia ou o establecemento do control sanitario sobre industrias, actividades e servizos e transportes, todo iso en relación coa contaminación atmosférica.

A nivel municipal, a maior parte dos problemas de contaminación atmosférica que teñen efectos sobre a poboación prodúcense pola acción de actividades de orixe antropoxénico, xa sexa directa ou indirectamente. No entanto, a maior parte destas actividades susceptibles de producir emisións e inmisións atópanse reguladas por normas xurídicas de orde superior, e as competencias municipais neste ámbito atópanse delimitadas por este principio de xerarquía normativa.

Dentro dos casos nos que non se promulgou lei estatal ou autonómica en contaminación atmosférica atópanse aqueles casos de emisións á atmosfera de sustancias odorantes (os cheiros) susceptibles de xerar molestias aos veciños, malia a indubidable transcendencia para os dereitos á intimidade e á inviolabilidade do domicilio, para a dignidade da persoas e o libre desenvolvemento da súa personalidade, para a calidade de vida e benestar, e para un medio adecuado no marco dun desenvolvemento sostible. Neste sentido, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e a xurisprudencia contenciosa-administrativa declararon en determinados supostos que as molestias por cheiros poden chegar a afectar ao dereito á intimidade domiciliaria das persoas.

O Concello de Ferrol, consciente das súas atribucións competenciales neste tema e da problemática específica do municipio, dispón a presente Ordenanza de Protección da Atmosfera fronte á Contaminación por Formas de Materia. Esta Ordenanza pretende establecer o marco normativo para garantir a calidade atmosférica, regulando as medidas necesarias para previr e corrixir as molestias por cheiros, gases, pos ou fumes e os seus danos.

TÍTULO I.-Disposicións Xerais

Artigo 1.-Obxecto.

1. A presente Ordenanza ten por obxecto regular as condicións non reguladas por outras Ordenanzas que deben de cumprir aquelas actividades e instalacións que constituían unha fonte emisora de contaminantes ou cheiros á atmosfera e que sexan susceptibles de modificar o estado natural do ambiente atmosférico circundante, definindo as medidas necesarias para previr, corrixir e mellorar os posibles efectos molestos e/ou nocivos xerados.

2. Cando existan regulacións específicas de rango superior, as prescricións desta Ordenanza aplicaranse conforme ao principio de xerarquía normativa e como complemento das mesmas.

3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Ordenanza os ruídos e vibracións, as radiacións ionizantes e non ionizantes así como os contaminantes biolóxicos, tal e como expón a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera na súa definición de contaminación atmosférica.

Artigo 2.-Dereitos e deberes dos cidadáns.

1. Todo cidadán ten dereito a gozar dun ambiente atmosférico de calidade que non cause prexuízos á saúde (Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera).

2. Todo cidadán ten dereito a ser informado dos niveis da calidade do aire e das incidencias que se produzan en materia de contaminación atmosférica (Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa).

3. Todo cidadán ten o dereito a acceder á información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou no doutros suxeitos que a posúan no seu nome e participar nos procedementos para a toma de decisións sobre asuntos que incidan directa ou indirectamente no medio ambiente, e cuxa elaboración ou aprobación corresponda ás Administracións Públicas (Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

4. Todas aquelas persoas que proxecten, instalen, exploten ou manteñan actividades ou instalacións, e os seus titulares, deben garantir un ambiente atmosférico de calidade na área de influencia de devandita actividade ou instalación.

5. Todas as persoas han de respectar e absterse de perturbar o correcto funcionamento das medidas establecidas nas actividades e instalacións para poder evitar a contaminación ou impacto ambiental atmosférico.

Artigo 3.-Definicións.

Actividades e instalacións con cualificación ou autorización ambiental: aquelas actividades e instalacións incluídas nunha das normas citadas a continuación, ou nas disposicións posteriores que as substitúan ou modifiquen, ou en calquera outra norma autonómica ou estatal na que se regulen as emisións á atmosfera, que estean sometidas a intervención administrativa autonómica e/ou estatal:

- Catálogo de Actividades Potencialmente Contaminadoras da Atmosfera do Real Decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación.
- Listado de actividades sometidas a Autorización Ambiental Integrada segundo o sinalado no Real Decreto Legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.
- Actividades do Real Decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debido ao uso de disolventes.
- Listado de actividades sometidas a impacto ambiental, efectos ambientais ou incidencia ambiental segundo o sinalado no anexo da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Actividades potencialmente contaminadoras da atmósfera: aquelas actividades que pola súa propia natureza, localización ou polos procesos tecnolóxicos utilizados, constitúan unha fonte de contaminación cuxas características poden requirir que sexan sometidas a un réxime de control e seguimento máis estrito.

Actividades e instalacións novas: aquelas actividades e instalacións que se vaian poñer en funcionamento, exercicio ou uso, ou que soliciten o título habilitante con posterioridade á data de entrada en vigor da presente ordenanza.

Actividades e instalacións existentes: aquelas actividades e instalacións que estiveran en funcionamento, exercicio, ou uso, ou que tiveran o título habilitante solicitado con anterioridade á data de entrada en vigor da presente ordenanza.

Aire ambiente: o aire exterior da baixa troposfera, excluídos os lugares de traballo.

Cheiro: atributo organoléptico perceptible polo órgano olfactivo cando se respiran determinadas sustancias volátiles.

Compostos orgánicos volátiles (COVs): todos os compostos orgánicos procedentes de fontes antropoxénicas e bioxénicas, distintos do metano, que poidan producir oxidantes fotoquímicos por reacción con óxidos de nitróxeno en presenza de luz solar.

Concentración de cheiro: é segundo a norma UNE EN 13725 «o número de unidades de cheiro europeas por metro cúbico en condicións normais». A concentración de cheiro mídese en unidades de cheiro europeas e o seu símbolo é uoE.

Condicións normais: para olfactometría dinámica correspóndense con 293 K temperatura e 101,3 kPa de presión atmosférica en base húmida.

Contaminación atmosférica: a efectos desta Ordenanza, e de acordo coa Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, enténdese por contaminación atmosférica á presenza na atmosfera de materias ou sustancias que impliquen molestia grave, risco ou dano para a seguridade ou a saúde das persoas, o medio ambiente e

demais bens de calquera natureza, quedando excluídos os ruídos e vibracións, as radiacións ionizantes e non ionizantes así como os contaminantes biolóxicos.

Contaminación odorífera: contaminación atmosférica causada por unha concentración de cheiro no aire ambiente que causa molestia para as persoas.

Contaminante: calquera sustancia presente no aire ambiente que poida ter efectos nocivos sobre a saúde humana, o medio ambiente no seu conxunto e demais bens de calquera natureza.

Emisión: descarga á atmosfera continua ou descontinua de materias, sustancias ou formas de enerxía procedentes, directa ou indirectamente, de calquera fonte susceptible de producir contaminación atmosférica.

Emisións difusas: toda descarga á atmosfera, non realizada por focos canalizados, continua ou descontinua, de partículas ou gases, procedente directa ou indirectamente de calquera fonte susceptible de producir contaminación atmosférica. Quedan incluídas as emisións non capturadas liberadas ao ambiente exterior por fiestras, portas, respiradoiros e aberturas similares, ou directamente xeradas en exteriores (algúns exemplos de emisións difusas son as producidas por almacenamentos ou trasfegas de materiais pulverulentos, obras de derribo, uso de fertilizantes orgánicos, esterqueiras, cortes ou cortellos, galiñeiros, coelleiras, escavacións e movementos de terras, etc.).

Foco canalizado: elemento ou dispositivo a través do cal ten lugar unha descarga á atmosfera de contaminantes atmosféricos, xa se produza esta de forma continua, descontinua ou puntual e con orixe nun único equipo ou en diversos equipos, procesos e ou actividades e que poidan ser colectados para a súa emisión conxunta á atmosfera.

Fontes emisoras: calquera parte ou punto concreto dunha actividade ou instalación que xere emisións de contaminantes á atmosfera.

Inmisión: é a transferencia de contaminantes, ben sexa de xeito temporal ou permanente, desde a atmosfera libre ata un receptor.

Limiar de alerta: nivel dun contaminante a partir do cal unha exposición de breve duración supón un risco para a saúde humana que afecta ao conxunto da poboación e require da adopción de medidas inmediatas por parte das Administracións competentes.

Masa de Cheiro de Referencia Europea (MORE): 123 microgramos (μg) de n-butanol, que, evaporados en 1 m³ de gas neutro, da lugar a una concentración de 0,040 micromol/mol ($\mu\text{mol/mol}$).

Obxectivo de calidade do aire: nivel de cada contaminante, illadamente ou asociado con outros, cuxo establecemento implica obrigacións conforme ás condicións que se determinen para cada un deles.

ppm (partes por millón): proporción da concentración dunha sustancia nunha mestura ou disolución, como unha unidade de soluto disolta nun millón de unidades de disolvente. Pódese expresar en termos de peso-peso, volume-volume ou en calquera outra relación de unidades de medida. No caso de gases refírese a volume-volume.

Rasante: perfil lonxitudinal dunha vía. A cota de rasante medirase en puntos do eixe.

Titular: persoa física ou xurídica que exerce ou posúe unha ou varias actividades nun mesmo centro ou establecemento, ou ben que, por delegación, ostenta un poder económico determinado sobre a explotación técnica da actividade.

Unidade de cheiro europea (uoE): cantidade de sustancias odoríferas que, cando se evaporan en 1 metro cúbico dun gas neutro en condicións normais, orixinan unha resposta fisiolóxica dun panel equivalente á que orixina unha Masa de Cheiro de Referencia Europea (MORE) evaporada nun metro cúbico dun gas neutro en condicións normais.

Valor límite de concentración de cheiro en inmisión: nivel de concentración de cheiro que non se debe superar na contorna dunha actividade.

TÍTULO II.-Ámbito de aplicación da ordenanza

Artigo 4.-Actividades susceptibles.

1. Atópanse incluídas no ámbito desta Ordenanza as actividades e instalacións novas, de titularidade pública ou privada, que non teñan obriga de dispoñer de cualificación ou autorización ambiental segundo a lexislación vixente, pero que poden ser fonte de emisión de contaminación atmosférica ou odorífera e ocasionar danos ou molestias ás persoas ou bens de calquera natureza, entre elas:

- Fontes fixas de combustión ou ignición cuxo orixe non sexa residencial ou industrial segundo PXOM.
- Instalacións de climatización e ventilación cuxo orixe non sexa residencial vivenda.
- Locais comerciais, recreativos, hostaleiros, hoteleiros, así como instalacións de fabricación de produtos alimenticios.
- Garaxes e aparcadoiros.

- Instalacións de lixado, pulido, trituración, pulverización ou que contén con calquera aparello que poida producir po.
- Locais con operacións de pintado ou uso de disolventes.
- Tinturarías e lavanderías.
- Actividades agropecuarias e outras emisións difusas.

2. As actividades e instalacións novas ou existentes que dispoñan de cualificación ou autorización ambiental rexeranse, no que atinxe á protección da atmosfera fronte á contaminación por formas de materia, polas condicións que lles correspondan segundo estableza a resolución administrativa que habilite o seu funcionamento.

No caso de que a resolución administrativa que habilite o seu funcionamento dunha determinada actividade ou instalación non estableza valor límite de concentración de cheiro en inmisión, a mesma rexerase, a este respecto, polo establecido na presente Ordenanza.

TÍTULO III.-Calidade do aire

Artigo 5.-Intervención municipal.

1. Segundo a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, correspóndelle aos concellos exercer aquelas competencias en materia de calidade do aire e protección de la atmosfera que ten atribuídas no ámbito da súa lexislación específica, así como aquelas outras que lles sexan atribuídas no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación das comunidades autónomas nesta materia.

2. A normativa de desenrolo da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera (Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire a as súas modificacións posteriores: Real Decreto 678/2014, do 1 de agosto, e Real Decreto 39/2017, do 27 de xaneiro) define e establece os obxectivos de calidade do aire e limiares de alerta para os distintos contaminantes químicos no aire ambiente exterior, ademais de regular a avaliación, o mantemento e a mellora da calidade do aire, e establecer métodos e criterios comúns de avaliación das concentracións das sustancias reguladas.

3. O Concello de Ferrol, no ámbito das súas competencias, esixirá as limitacións e medidas correctoras necesarias das Actividades Potencialmente Contaminadoras da Atmosfera no caso de superacións no seu termo municipal dos limiares de alerta ou de incumprimento dos Obxectivos de calidade do aire que sexan de aplicación dos establecidos na lexislación sinalada no punto anterior ou naquelas disposicións posteriores que a substitúan ou modifiquen, así como na normativa de nova publicación que puidera ser de aplicación.

4. O Concello de Ferrol, participará, cando corresponda segundo o establecido na lexislación vixente, na elaboración e aprobación dos planes de medidas para a protección o restauración da calidade do aire, así como na súa execución e no seguimento da súa implantación.

5. As Actividades Potencialmente Contaminadoras da Atmosfera que se leven a cabo no municipio de Ferrol e que sexan susceptibles de influír nas condicións de calidade do aire estarán suxeitas a vixilancia permanente polo órgano competente en materia de medio ambiente da Administración Municipal en termos de prevención, control, inspección e vixilancia.

TÍTULO IV.-Cheiros

En moitos casos detéctanse problemas de malos cheiros ou cheiros ofensivos no aire ambiente, o que produce molestias na poboación. Trátase xeralmente dunha complexa mestura de compostos volátiles, e que non necesariamente son susceptibles de causar algún efecto nocivo para a saúde humana, pero si susceptibles de causar molestia.

Para transformar unha sensación do órgano olfativo - como o cheiro - nunha unidade de medida, empréganse os conceptos de concentración de cheiro e a unidade de cheiro europea, científica e internacionalmente recoñecidos.

Artigo 6.-Emisión de cheiros á atmosfera.

1. Queda prohibida a emisión de gases, partículas ou mestura de ambas que produzan cheiros que constitúan molestia á veciñanza e/ou afecten ao dereito ao respecto da vida privada e familiar e do domicilio.

2. As actividades recollidas no ámbito de aplicación da presente Ordenanza e cuxas emisións se atopen canalizadas, seralles de aplicación as condicións de emisións á atmosfera e depuracións das mesmas que lle correspondan conforme ao sinalado nos TÍTULOS V e VI da presente Ordenanza.

3. Para o caso de fontes emisoras difusas de actividades recollidas no ámbito de aplicación da presente Ordenanza, seralles de aplicación as condicións de emisións á atmosfera que lle correspondan conforme ao sinalado no TÍTULO VI da presente Ordenanza.

4. As emisións de actividades que contén con autorización ou cualificación ambiental han de axustarse ás condicións de emisións á atmosfera e depuración das mesmas que lles correspondan segundo estableza a súa autorización ou cualificación e, en todo caso, ás mellores técnicas dispoñibles para a mitigación de cheiros.

Artigo 7.-Cuantificación de cheiros.

O procedemento para determinar o alcance e grao de afección dun cheiro consiste na determinación da concentración de cheiro en emisión e posteriormente o modelado da dispersión atmosférica para establecer os valores de inmisión correspondentes, segundo a metodoloxía seguinte:

1. A toma de mostras para a determinación da concentración de cheiro en emisión deberá ser realizada conforme aos criterios recollidos na norma UNE-EN 13725 “Determinación da concentración de cheiro por olfactometría dinámica”, ou norma que o substitúa, por unha entidade acreditada como Entidade de Inspección en Atmosfera, e os análises de cheiro efectuaranse mediante olfactometría dinámica en Laboratorio acreditado.

2. A determinación da concentración de cheiro en emisión estimarase mediante a aplicación de factores de emisión establecidos en estudos olfactométricos teóricos nos casos seguintes:

a) Actividades con fontes canalizadas cuxo caudal sexa menor a 1,5 m³/s, as cales quedan fóra do alcance da cuantificación de cheiros en emisión por olfactometría dinámica segundo a norma UNE-EN 13725.

b) Actividades en fase de proxecto.

c) Actividades nas que se xustifique axeitadamente perante o órgano municipal competente a inviabilidade técnica de realizar a toma de mostras para a determinación da concentración de cheiro en emisión (por exemplo, por acceso fisicamente imposible ao foco, por temperatura de emisión superior a 600.°C, etc.)

3. Os niveis de concentración de cheiro en inmisión realizarase mediante a aplicación de modelos matemáticos de dispersión atmosférica seguindo as indicacións establecidas nas guías ou instrucións técnicas que puidera ter publicadas a Comunidade Autónoma de Galicia ou a Administración Estatal ao respecto. En ausencia de ditas guías ou instrucións técnicas empregaranse modelos lagranxianos de recoñecido prestixio internacional.

Artigo 8.-Valores límite de cheiros en inmisión.

1. Os niveis de concentración de cheiro en inmisión xerados por unha actividade non deben superar o valor límite que sexa de aplicación segundo o sinalado na Táboa 1, na cal se listan as actividades en función do grao de ofensividade do cheiro.

No caso de actividades que non se atopen recollidas en dita táboa, establécese o valor límite de cheiro en inmisión en 3 uoE/m³ (percentil 98 dos valores horarios dun ano natural).

Táboa 1. Grao de ofensividade do cheiro segundo tipo de actividade e valor límite

ACTIVIDADE	OFENSIVIDADE DO CHEIRO	VALOR LÍMITE
<ul style="list-style-type: none"> • Fabricación de produtos lácteos • Xestores de residuos e tratamento de augas residuais. • Matadoiros e instalacións de aproveitamento de subprodutos de orixe animal. • Fabricación de produtos lácteos • Procesamento/fabricación de graxas e aceites. • Fabricación de produtos lácteos • Producción de alimentos para animais • Fabricación de produtos lácteos • Manexo de residuos animais • Fabricación de produtos lácteos • Operacións con pintura ou disolventes 	ALTA	1,5 uoE/m ³ Percentil 98 dos valores horarios dun ano natural
<ul style="list-style-type: none"> • Fabricación de produtos lácteos • Procesamento de carnes • Fabricación de produtos lácteos • Procesamento de peixes, mariscos, etc. • Fabricación de produtos lácteos • Industria alimentaria • Fabricación de produtos lácteos • Compostaxe de residuos • Fabricación de produtos lácteos • Producción de salgaduras e afumados • Fabricación de produtos lácteos • Gandería intensiva, cría de animais, explotación de animais 	MEDIA	3 uoE/m ³ Percentil 98 dos valores horarios dun ano natural

ACTIVIDADE	OFENSIVIDADE DO CHEIRO	VALOR LÍMITE
<ul style="list-style-type: none"> • Fabricación de produtos lácteos • Procesado de chocolate/cacao • Fabricación de produtos lácteos • Plantas cervexeiros • Fabricación de produtos lácteos • Confeitarias • Fabricación de produtos lácteos • Tostado de café • Fabricación de produtos lácteos • Produción de aromas e fragancias • Fabricación de produtos lácteos • Hostalaría e restauración • Fabricación de produtos lácteos • Fabricación de pan, empanadas, pastelería, doces, lambreretas, etc. • Fabricación de produtos lácteos • Climatización e ventilación • Fabricación de produtos lácteos • Garaxes e aparcadoiros • Fabricación de produtos lácteos • Limpeza de roupa e tinturerías 	BAIXA	6 $\mu\text{E}/\text{m}^3$ Percentil 98 dos valores horarios dun ano natural

2. Os valores límite de cheiros en inmisión serán de aplicación tamén para as actividades con autorización ou cualificación ambiental que non teñan contemplados valores límite de concentración de cheiros en inmisión na resolución administrativa que habilite o seu funcionamento.

3. Para o caso de fontes emisoras difusas, os valores límite de cheiros en inmisión serán de aplicación sempre e cando exista afección demostrada nun radio de polo menos 300 m. desde o perímetro da parcela na que se atope a actividade ou instalación causante do cheiro.

A posible afección avaliarase a través da realización de enquisas de percepción (ANEXO I) na poboación de dita zona, e será afección demostrada cando máis do 5% dos enquisados manifeste molestias durante máis do 2% do tempo de permanencia en devandita zona.

Estas enquisas serán levadas a cabo pola Policía Municipal, e os resultados das mesmas serán valoradas polo órgano municipal competente en materia de medio ambiente que determinarán a existencia ou non existencia de afección demostrada.

TÍTULO V.-Condicións xerais de emisión e de depuración.

Artigo 9.-Criterios xerais de evacuación.

1. Os fumes, baños, vapores, partículas, cheiros e outros efluentes contaminantes, calquera que sexa a súa orixe, procedentes do desenvolvemento das actividades incluídas no ámbito desta Ordenanza e que non teñan sinaladas unhas condicións específicas de emisión no TÍTULO VI, deberán evacuarse ao exterior por cuberta mediante condutos ou chemineas segundo o indicado no art. 10, non permitindo lanzarse ao exterior por fachadas ou patios de todo tipo.

2. Poderanse eximir da instalación de cheminea nos edificios existentes ou con título habilitante de obra solicitado con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza, sempre que o caudal a emitir sexa inferior a 1,5 m^3/s e cando concorra algunha das circunstancias sinaladas en ANEXO II. Neste caso permitirase a evacuación por fachada tendo que situarse a mesma como mínimo a 2,2 m sobre a beirarrúa con reixa provista de lamas con inclinación ascendente de entre 10.º e 45.º cara o exterior, ademais de axustarse aos condicionantes expostos no art. 12 e ás distancias expostas na táboa 2.

Táboa 2. Caudais de evacuación e distancias a ocós alleos á actividade

Caudal	Mesmo paramento plano HORIZONTAL	Mesmo paramento plano VERTICAL	Distinto paramento (enfrentado ou en ángulo)
$\leq 0,2 \text{ m}^3/\text{s}$	Mínimo 1,0 metros	Mínimo 1,0 metros	Mínimo 2 metros
$> 0,2 \text{ m}^3/\text{s}$ e $\leq 1 \text{ m}^3/\text{s}$	Mínimo 1,5 metros	Mínimo 1,5 metros	Mínimo 2,5 metros
$> 1 \text{ m}^3/\text{s}$ e $< 1,5 \text{ m}^3/\text{s}$	Mínimo 2,0 metros	Mínimo 2,0 metros	Mínimo 3,0 metros

3. Os condutos de fumes específicos para evacuación dos gases de combustión ou de procesos derivados de calquera tipo de actividade que xeren gases, partículas ou cheiros, así como o acondicionamento de locais, soamente poderán empregarse para este uso concreto, quedando prohibida a unificación destes condutos con outras instalacións de evacuación do edificio.

4. Os criterios dimensionais e construtivos das chemineas de instalacións de actividades rexeranse polo establecido no Regulamento de instalacións térmicas dos edificios (RITE), Real Decreto 919/2006, do 28 de Xullo, polo que se aproba

o Regulamento Técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG01 a 11, Código Técnico da Edificación (CTE-DB-HS) e demais normativa referenciada.

Artigo 10.-Altura de evacuación das chemineas en cuberta.

1. As bocas de expulsión das chemineas en cuberta elevaranse, polo menos, 1 metro por encima dos obstáculos lindeiros a menos de 10 metros (cuberta ou cumbreira dos edificios, torreón, muros, petos, espazos habitables con ocros practicables, etc.).

Non será esixible elevarse por encima daqueles paramentos verticais que, estando nese radio de 10 metros, non contén con ocros practicables ou tomas de admisión (como pode ser unha medianeira).

2. Non entanto, cando sexa tecnicamente inviable cumprir dita altura por excesiva sobreelevación da cheminea, con carácter excepcional, e sempre que quede xustificada as circunstancias que o motivan, poderanse autorizar outras alturas para as bocas de saída de cuberta, cumprindo os requisitos seguintes:

– Situaranse a unha distancia mínima horizontal de 1 metro de calquera oco de ventilación (fiestra, balcón, miradoiros, porta), cando a cheminea estea a un nivel superior do oco ou nos seus laterais, debendo elevarse como mínimo 1 metro por encima do punto máis elevado da abertura o ventá (Fig.1).




Figura 1

– Si a cheminea se atopa nun plano inferior con respecto ao oco e na súa mesma franxa, a distancia mínima horizontal de separación será de 1 metros, debendo elevarse 1 metro por encima do punto máis elevado do oco de ventilación (Fig.2).




Figura 2

– Superarán o chan da terraza do propio edificio en polo menos 3 metros (Fig.3).




Figura 3

– Incorporarán o equipamento preciso que garanta, mediante extracción forzada, a adecuada depuración dos efluentes a evacuar e deberán axustarse ao indicado no Art.12, evitando en todo momento a aparición de volátiles, gases, cheiros, partículas, etc., que puidesen ocasionar molestias á veciñanza.

3. Na instalación das chemineas, procurarase axustar as súas dimensións aos mínimos que garantan un correcto funcionamento co mínimo número de volumes ao exterior, tratando de reducir deste xeito o impacto visual que poida chegar a xerar.

Artigo 11.–Previsión de cheminea en edificios de nova construción.

1. Nos edificios de nova construción preverase unha cheminea por baixo comercial e, na súa falta, unha cheminea por cada 200 m² segundo o disposto no Art.10 desta Ordenanza. O diámetro mínimo será de 30 cm.

2. Nos edificios de nova construción e de rehabilitación integral situados en zonas con algún tipo de protección polo seu valor cultural (barrios da Magdalena e Ferrol Vello, por exemplo) preverase, na medida do posible, unha cheminea por baixo coas indicacións establecidas nas súas correspondentes ordenanzas.

Artigo 12.–Sistemas de depuración de gases, partículas e cheiros.

1. As actividades incluídas no ámbito desta Ordenanza que non teñan sinaladas unhas condicións específicas de emisión no TÍTULO VI, deberán instalar como mínimo sistemas de filtrado baseados en tecnoloxías de adsorción mediante sistemas con carbón activado e/ou filtros de partículas.

2. No caso de actividades con focos canalizados cuxo caudal máximo sexa igual ou superior a 1,5 m³/s, deberán de instalar tecnoloxías de depuración mediante sistemas baseados no lavado químico e/ou aquelas outras tecnoloxías que garantan o cumprimento dos valores límites de inmisión de cheiros e/ou dos obxectivos de calidade do aire. O Concello de Ferrol poderá esixir tamén a instalación destas outras tecnoloxías de depuración ás actividades con fontes canalizadas cuxo caudal máximo sexa inferior a 1,5 m³/s no caso de producirse incumprimento dos valores límites de inmisión de cheiros e/ou dos obxectivos de calidade do aire.

3. Os puntos 1 e 2 anteriores tamén serán de aplicación para actividades que teñan sinaladas unhas condicións específicas de emisión no TÍTULO VI cando así se indique nas mesmas ou cando sexa necesario por rexistrarse vulneración dos valores límite de inmisión de cheiros e/ou dalgún obxectivo de calidade do aire debido á actividade específica, ou así o determinan os servizos municipais correspondentes.

4. Os sistemas de depuración someteranse como mínimo ás operacións de mantemento periódicas segundo o sinalado no TÍTULO VII da presente Ordenanza.

TÍTULO VI.–Condicións específicas de emisión

CAPÍTULO 1.–Climatización e ventilación

Artigo 13.–Acondicionamento de locais e instalacións.

1. A evacuación do aire produto do acondicionamento de locais ou instalacións realizarase ao ambiente exterior.


2. A distancia entre o punto de saída do aire e entradas de ventilación alleos (boca de toma, abertura de admisión, porta exterior e fiestras, terrazas, galerías, balcóns, miradoiros, etc.) situados no mesmo ou distintos paramentos da fachada dependerá do caudal evacuado produto da climatización e ventilación forzada dos locais ou instalacións, e rexerase pola Táboa 2 indicada no art. 9.

3. O cálculo do caudal realizarase mediante os criterios establecidos por RITE ou disposición que o substitúa.

4. Excepcionalmente, e sempre que o caudal de evacuación sexa menor de 1,5 m³/s, ditas distancias poderanse reducir a 1 metro cando as entradas de ventilación alleas sexan ocos practicables de espazos interiores de tránsito sen permanencia de público (garaxes ou similares).


5. O punto de evacuación situarase como mínimo a 2,0 metros sobre a beirarrúa en edificios con algún tipo de protección polo planeamento municipal polo seu valor cultural, e a 2,2 metros no resto dos edificios, con reixa provista de lamas con inclinación ascendente cara o exterior de entre 10.º e 45.º.

6. Se hai un obstáculo entre a saída de evacuación do aire viciado e o oco practicable máis próximo, a medición obtense da suma de distancias entre punto de evacuación- bordo do obstáculo- oco practicable, tomando a medición no segmento máis curto, como se mostra no gráfico seguinte:



7. A saída do aire poderase situar retranqueada do plano de fachada situándoa sobre a carpintería de acceso ao establecemento, sempre que se dispoña por encima dos 2 metros con respecto ao chan. A suma do retranqueo ao plano de fachada e a distancia á fiestra allea a nivel superior terá que cumprir as distancias mínimas establecidas neste artigo.

SAÍDA DE AIRE



8. A evacuación do aire realizarase cunha velocidade de saída inferior a 5 m/s, medida á saída das mesmas, debendo, en todo caso, cumprir coa regulamentación e normativa que estableza o nivel acústico máximo admisible.

9. Para caudais superiores ou iguais a 1,5 m³/s, a evacuación realizarase a través de cheminea independente a cuberta, que cumprirá co disposto no art. 10.

10. Non se permite a instalación de aparellos de aire acondicionado na fachada principal (tales como bombas de calor), pero si se permite a evacuación do aire ao exterior a través de reixa na fachada, cumprindo en todo caso co descrito neste artigo.

11. Permítese a instalación de aparellos de aire acondicionado e/ou climatización en cuberta, así como nos patios interiores, aplicando as medidas correctoras necesarias, sobre todo en materia de contaminación acústica, para non xerar molestias á veciñanza. Deberá garantirse o resultado estético, buscando a integración co conxunto.


Artigo 14.-Condensación.

1. Todo aparello ou sistema que produza condensación terá que ter un sistema de recollida da auga produto da condensación canalizado ás redes de saneamento do propio edificio, impedindo o goteo ao exterior.

Artigo 15.-Cómputo de caudal-caudal de evacuación independentes.

1. Para que as saídas de evacuación de aire sexan consideradas independentes deberán distar entre si máis de 3 metros entre os bordos máis próximos, ou atoparse en distintas fachadas.

2. Considerarase que dúas fachadas son distintas cando o ángulo (medido polo interior da instalación) sexa inferior a 150 graos.



CAPÍTULO 2.-Garaxes e aparcadoiros

Artigo 16.-Ventilación de garaxes e aparcadoiros.

1. Todos os garaxes e aparcadoiros, públicos e privados, deberán dispoñer dun sistema de ventilación suficiente para evitar a acumulación de contaminantes, debendo de cumprir co establecido na sección HS-3 do documento de Salubridade do Código Técnico da Edificación, así como co Apartado 8 do documento básico de Seguridade contra Incendios, sección SI3 do CTE, ou normativa que os substitúan.

2. A ventilación poderá ser natural ou forzada, e en ambos casos, deben evitarse concentracións de monóxido de carbono (CO) superiores a 25 ppm en calquera punto nas instalacións nas que se prevexa empregados, e 50 ppm nas que non se prevexan empregados.

Ventilación natural:

a) Permitirase a ventilación natural nos garaxes situados sobre rasante, debendo dispoñerse unha superficie libre en comunicación directa e permanente co exterior, xustificando en proxecto que dita superficie permite as renovacións establecidas pola normativa indicada anteriormente (Táboa 2.2 do apartado 2 do CTE HS 3), coas indicacións establecidas no apartado 3.1.4.1 da sección HS-3 do documento de Salubridade do Código Técnico da Edificación ou normativa que o substitúa.

Nos garaxes de ata 100 m², a lo menos unha das fachadas terá que estar completamente sobre rasante para poder dar cumprimento ao indicado no CTE.

Para garaxes de máis de 100 m², os ocos de ventilación deberán ser opostos para conseguir un barrido adecuado do local, debendo estar sobre rasante as fachadas necesarias para dar cumprimento ao CTE.

b) As saídas de aire situadas en fachada estarán afastadas, como mínimo, 2 metros de calquera oco de fiestra alleo situado no mesmo paramento. A distancia poderase reducir a 1 metro cando sexan ocos practicables de espazos comúns interiores de tránsito, sen permanencia de público (portais, escaleiras ou similares).


c) Nos garaxes situados en patios cubertos ou espazos interiores cubertos, non se permitirán ocos de ventilación directa.

d) Nos aparcadoiros que superen os 300 m² útiles dispoñerase un sistema de detección de monóxido de carbono (CO) debidamente homologado e conectado a un sistema de alarma.


Ventilación forzada:

a) A extracción forzada do aire en garaxes e aparcadoiros deberá realizarse en xeral por chemineas exclusivas e estancas que cumpran as condicións establecidas no art. 10.

b) Cando non resulte posible a extracción do aire por encima da cuberta de edificio naquelas construcións existentes antes da entrada en vigor desta ordenanza por concorrer, de xeito debidamente xustifico, algunha das circunstancias sinaladas no ANEXO II, as saídas de ventilación poderanse efectuar por patio de mazá con cheminea situada polo menos a 3,50 metros de distancia dunha edificación e cunha altura mínima de 2,0 metros sobre a superficie transitable, de forma tal que se produza unha adecuada dispersión e quede integrada no deseño arquitectónico do espazo no que se atopen.



O espazo exterior ou patio no cal se atopan ditas chimeneas, terán que permitir que na súa planta se poida inscribir un círculo cuxo diámetro sexa, polo menos, 0,4 veces a altura media dos cerramentos que o delimitan e non menos de 6 metros, de forma que as saídas de ventilación produzan unha adecuada dispersión.



c) Nos garaxes e aparcamentos subterráneos situados debaixo de parques, prazas ou xardíns “públicos”, as saídas de ventilación efectuaranse de forma que se produza unha adecuada dispersión, cunha altura mínima de 3 metros, atopándose a unha distancia mínima de 6 metros de edificacións e a 3 metros de calquera elemento de entrada de ventilación. Deberán cumprir, en calquera caso, coa normativa que estableza o nivel acústico máximo admisible.

d) Nos garaxes situados en patios cubertos ou espazos interiores cubertos non se permitirán saídas de ventilación forzada.

e) Nos aparcadoiros que superen as 5 prazas ou 100 m² útiles debe dispoñerse un sistema de detección de monóxido de carbono (CO) debidamente homologado que active automaticamente os aspiradores mecánicos. O número de detectores será en función da superficie, debendo existir polo menos un detector por planta.

CAPÍTULO 3.-Outras actividades

Artigo 17.-Establecementos de hostalaría e fabricación de produtos alimenticios.

1. Non se permite a apertura de ocos practicables nin reixas sen os correspondentes filtros que poñan en comunicación directa co exterior os recintos nos que se desenvolvan actividades de fabricación, preparación, tratamento e/ou manipulación de alimentos nos que se xeren cheiros, tales como fornos, obradoiros, asadores, tostadeiros de café ou cereais, fritadeiras, churrarías, cociñas de locais de hostalaría, asadores de carne ou polo e cociñas procedentes de usos industriais ou similares. Permitiranse, en todo caso, aqueles ocos que sexan precisos por seguridade contra incendios (portas de evacuación), así como portas para carga e descarga de mercancía, as cales deberán de usarse unicamente para os seus propios fins.

2. Os condutos de evacuación serán independentes e irán ata cuberta, cumprindo co indicado no art. 10 desta Ordenanza.

O recinto no que se preparen os alimentos debe dispoñer dunha campá extractora que teña a capacidade de extraer todos os gases e cheiros que produza a actividade, contando cun filtro húmido condensador de graxas e filtros de captación de partículas.

Quedan exentos de cumprir o sinalado neste apartado 2 aqueles locais de restauración que contén unicamente cunha prancha eléctrica de ata 3 Kw ou con fornos para quentar alimentos de ata 5 Kw, casos no que non é obrigatoria a extracción, evacuación e depuración dos fumes e baños produto da cocción ao exterior, sempre e cando se cumpra que:

- No caso dos fornos, se empreguen fornos de convección eléctricos dotados de recollida de vapores por condensación e/ou fornos microondas, non debendo superar os 5 kW a suma de potencias totais de tódolos fornos.
- No caso de pranchas eléctricas, se instale algún sistema de recirculación que devolva o aire limpo ao local tras pasar por un dispositivo de filtración, tales como as campás extractoras con recirculación do aire.

3. Poderase eximir da instalación da cheminea a aqueles locais onde se preparen alimentos no caso de que estean situados nun edificio existente ou con título habilitante de obra solicitado con anterioridade á entrada en vigor desta

Ordenanza e concorra, de xeito debidamente xustificado, algunha das circunstancias sinaladas en ANEXO II. Nestes casos poderase autorizar que a extracción do aire de cociñas se realice pola fachada principal cumprindo as seguintes condicións:

- Non se poderá evacuar a patios de luces.
- O caudal total a depurar procedente dos elementos produtores de fume existentes en cociña sexa inferior a 1,5 m³/s.
 - Unha primeira fase de filtración mecánica para as partículas de maior tamaño (de ata 3 micras)
 - Unha segunda fase con filtro dinámico con etapas de filtración electrostática para reter as partículas de menor tamaño (de ata 0,01 micras)
 - Unha terceira fase de circulación por filtros de carbón activo para a eliminación de cheiros, combinada, se é tecnicamente posible e funcional, con xeradores de ozono.
- As reixas de saída dispoñeranse cun ángulo de inclinación de entre 0° e 45° cara arriba, de maneira que orienten a evacuación do aire viciado en sentido ascendente.
- A distancia da saída de evacuación á beirarrúa será, polo menos, de 2,2 metros (medidos desde a aresta inferior).
- Ás distancias ós ocos alleos á instalación dependerá do caudal evacuado e rexerase pola Táboa 2 do art. 9.
- As instalacións deste tipo contarán cun libro de mantemento no que queden reflectidas as revisións realizadas por empresas especializadas, limpeza e cambio de filtros.

O proxecto a presentar para a pertinente autorización municipal terá que ir o máis detallado posible, incluíndo unha memoria que conteña polo menos:

- Xustificación da inviabilidade de levar a evacuación de fumes a cuberta
- Xustificación de que o caudal total xerado por todos os elementos produtores de fume da cociña non supera 1,5 m³/s
- Plano de fachada no que se indique a posición das reixas, a súa altura sobre a beirarrúa, a distancia a fiestras ou ocos alleos á actividade, etc.
- Deseño do sistema de depuración elaborado por técnico competente no que, como mínimo, se debe detallar:
 - O sistema de extracción.
 - As características técnicas e a eficacia dos sistemas de filtrado.
 - A xustificación de que o equipo de filtración é adecuado e suficiente para a actividade a desenvolver.

4. O sistema depurativo deberá ser instalado por unha empresa autorizada, a cal deberá aportar un certificado de correcta instalación e funcionamento que estará a disposición do órgano municipal competente.

A empresa instaladora autorizada deberá validar un programa de revisións a levar a cabo nos sistemas depurativos (limpezas, cambios de filtros, operacións de mantemento, etc.), indicando a frecuencia coa que se deben realizar ditas revisións segundo o caudal de aire a depurar, sendo obrigatorio unha revisión cada tres meses como mínimo.

No que atinxe ao mantemento, serán preceptivas tamén as restantes disposicións establecidas no art. 23 da presente Ordenanza.

Artigo 18.–Instalacións de lixado, pulido, trituración e pulverización.

1. As actividades de lixado, pulido, trituración, pulverización ou que contén con calquera aparello que poida producir po, deberán estar provistas de dispositivos de recollida que impidan que os contaminantes se dispersen no ambiente, e non poderán ser evacuados á atmosfera sen canalización nin depuración previa mediante instalación de filtros de retención de partículas.

Artigo 19.–Locais con operacións de pintura o disolventes.

1. Nos locais onde se realicen operacións de pintura ou lacado ou aplicación de disolventes, estas actividades deberán de efectuarse dentro de cabinas adecuadas e preparadas para devandito fin, provistas de ventilación forzada e con evacuación a través de chemineas independentes e estancas que cumprirán co establecido no art. 10.

2. Deberanse de dispoñer dos sistemas de redución, captación e/ou depuración que sexan necesarios para evitar a emisión de contaminantes por riba dos límites establecidos pola normativa vixente, especialmente para os cheiros (compuestos orgánicos volátiles, COVs), atendendo ao art. 1Artigo 142 da presente Ordenanza.

3. Nos locais existentes ou con título habilitante solicitado con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza nos que non sexa posible a evacuación por cheminea ata cuberta por concorrer algunha das circunstancias sinaladas no ANEXO

II, e sempre que a totalidade dos materiais manipulados sexan á auga ou ben non se alcance o limiar para serlle de aplicación o Real Decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debido ao uso de disolventes, permitiráselles que ao sistema de ventilación (rexido polas condicións do Capítulo 1 do Título VI) lle sexa engadido un sistema de depuración mediante carbón activo. O proxecto a presentar para a pertinente autorización municipal terá que ir o máis detallado posible, incluíndo unha memoria que conteña polo menos:

- Xustificación da inviabilidade de levar a evacuación de fumes a cuberta.
- Xustificación de que o caudal a evacuar produto da ventilación do local é inferior $1,5 \text{ m}^3/\text{s}$.
- Plano de fachada no que se indique a posición das reixas, a súa altura sobre a beirarrúa, a distancia a fiestras ou ocos alleos á actividade, etc.
- Deseño do sistema de depuración elaborado por técnico competente no que, como mínimo, se debe detallar:
 - O sistema de extracción.
 - As características técnicas e a eficacia dos sistemas de filtrado.
 - A xustificación de que o equipo de filtración é axeitado e suficiente para a actividade a desenvolver.

4. O sistema depurativo deberá ser instalado por unha empresa autorizada, a cal deberá aportar un certificado de correcta instalación e funcionamento que estará a disposición do órgano municipal competente.

A empresa instaladora autorizada deberá validar un programa de revisións a levar a cabo nos sistemas depurativos (limpezas, cambios de filtros, operacións de mantemento, etc.), indicando a frecuencia coa que se deben realizar ditas revisións segundo o caudal de aire a depurar, sendo obrigatorio unha revisión cada tres meses como mínimo.

No que atinxe ao mantemento, serán preceptivas tamén as restantes disposicións establecidas no art. 23 da presente Ordenanza.

Artigo 20.–Limpeza de roupa e tinturerías.

1. Nas instalacións de limpeza de roupa e tinturarías deberase contar cun sistema de ventilación que conste de mecanismos eficaces de captación, debendo realizar a evacuación a través de cheminea que cumpra co requirido no art. 10.

2. Aquelas instalacións nas que se leve a cabo a actividade de limpeza en seco non poderán superar o valor límite de emisión total de compostos orgánicos volátiles, debidos ao uso de disolventes orgánicos, que se fixa en 20 g/Kg (valor expresado en masa de disolvente emitido por quilogramo de produto limpo e secado), xa que en caso contrario, están suxeitas ao cumprimento obrigatorio das especificacións recollidas na correspondente normativa de aplicación.

3. Poderase prescindir de cheminea nos aparellos de limpeza e/ou secado de roupa, sempre que estean dotados de depuradores ou sistemas de recirculación homologados que garantan a inocuidade dos mesmos, como son as secadoras de condensación ou con bomba de calor.

Artigo 21.–Gandería, outras emisións difusas e incineración de residuos.

1. Gandería.

a) Para aquelas instalacións domésticas de gandería que dispoñan dalgunha das cantidades seguintes de animais domésticos:

- I. Ata 99 prazas de polos ou galiñas poñedoras.
- II. Ata 9 prazas de porcos de engorde.
- III. Ata 4 prazas de porcas de cría.
- IV. Ata 9 prazas para vacún de leite.
- V. Ata 9 prazas para vacún de cebo.
- VI. Ata 99 prazas para coellos.

Será preceptivo o uso de técnicas de abatemento coas parcelas lindeiras, tales como como o uso de pantallas cortaventos (preferiblemente vexetais), así como o uso de boas prácticas para evitar a xeración de cheiros, como por exemplo realizar o manexo do esterco naqueles momentos do día que sexan máis favorables para non producir molestias e exista unha mellor dispersión.

b) No caso de instalacións de gandería que contén con algunha cantidade de unidades de animais domésticos das sinaladas a continuación, ademais das indicacións establecidas no apartado a), deberán confinar ou conducir as súas emisións cara a sistemas de redución destas conforme ao art. 12 no caso de que existan edificacións de terceiros nun radio de 500 metros desde o perímetro da parcela.

- I. a) Entre 100 e 999 prazas de polos ou galiñas poñedoras.
- II. b) Entre 10 e 49 prazas de porcos de engorde.
- III. c) Entre 5 e 24 prazas de porcas de cría.
- IV. d) Entre 10 e 49 prazas para vacún de leite.
- V. e) Entre 10 e 75 prazas para vacún de cebo.
- VI. f) Entre 100 e 999 prazas para coellos.

c) Aquelas instalacións de gandería con algunha cantidade de unidades de animais superior ás sinaladas no apartado b) están afectadas por incidencia ambiental e rexeranse polo indicado no art. 6.4 da presente Ordenanza.

2. Almacenamento ou movemento ao aire libre de materiais pulverulentos a granel.

Nos parques ou lugares nos que teña lugar o almacenamento ou movemento ao aire libre de materiais pulverulentos a granel, seguiranse as guías de boas prácticas sectoriais, tomando, en todo caso, as medidas necesarias para evitar que a acción do vento poida levantar partículas, asegurando o cumprimento dos valores lexislados de calidade do aire na contorna. A tal fin aplicaranse as medidas preventivas oportunas, tales como a limpeza periódica de superficie onde se acumulou material, o mantemento do material constantemente humedecido, o seu recubrimento utilizando fundas, a protección da zona mediante a colocación de pantallas cortaventos, etc.

O órgano municipal competente poderá solicitarlle ao titular a xustificación das medidas preventivas adoptadas.

3. Obras de edificación, reforma ou derribo.

Nestas actividades seguiranse as guías de boas prácticas sectoriais, tomando as precaucións necesarias para reducir o máximo posible a contaminación do aire por po, evitando a dispersión de partículas fora do límite físico do espazo empregado, mediante o confinamento e canalización das emisións cubrindo as fachadas con lonas ou dispositivos similares, instalando tubos encapsulados estancos, efectuando a descarga de escombros ou materiais pulverulentos en contedores pechados con lonas ou dispositivos similares, etc.

Cando non sexa posible canalizar as emisións levaranse a cabo os regos necesarios e suficientes, sen prexuízo da adopción de calquera outra medida que os correspondentes servizos municipais consideren precisos.

4. Tratamento de pavimentos en vivendas e locais comerciais.

As actividades de pintado, pulido e abrillantado de pavimentos así como a colocación de parquets, que se realicen en locais ou domicilios particulares e cuxas emanacións de cheiros poidan afectar a outras persoas, deberán realizarse adoptando medidas preventivas e uso de boas prácticas. As empresas ou profesionais que realicen devanditos traballos estarán obrigados a garantir en todo momento a inocuidade dos produtos utilizados (vernices, pinturas, abrillantadores, etc.) e a ausencia de molestias para os veciños, adoptando para iso cantas medidas sexan necesarias (selado de ocos e reixas de ventilación para evitar a transmisión de vapores, selección de produtos con baixas emisións de COVs ou da gama ecolóxica, etc.).

5. Incineración de residuos.

- Prohíbese a queima ao aire libre de biomasa residual procedente de actividades agroforestais sen a correspondente autorización municipal.
- Prohíbese a queima ao aire libre de calquera outro tipo de residuos (domésticos, industriais, sanitarios, plásticos agrícolas, etc.).
- As instalacións para incineración e coincineración de residuos deberán contar con autorización municipal e cumprir cos requirimentos impostos pola normativa sectorial vixente.

TÍTULO VII.–Instalación e mantemento dos sistemas depurativos

Artigo 22.–Instalación.

1. O sistema de depuración de gases deberá ser proxectado por técnico competente e instalado por empresa autorizada, debendo aportar a mesma un certificado de correcta instalación e funcionamento.
2. Dito certificado estará a disposición do órgano municipal competente.

Artigo 23.–Mantemento.

1. Os sistemas depurativos deberán contar cun libro de mantemento no que se anoten as revisións periódicas (limpezas, cambios de filtros, operacións de mantemento, etc.) que se leven a cabo.

Ditas revisións periódicas de mantemento deberán de realizarse como mínimo unha vez cada tres meses, ou, si prescriben unha maior frecuencia, segundo se estableza:

- I. No programa de revisións periódicas de mantemento validado pola empresa instaladora, nas actividades en que o mesmo é requirido (art. 17 e art. 19).
 - II. Nas indicacións do fabricante, nos restantes casos.
2. As revisións periódicas de mantemento deberán ser realizadas por empresas especializadas. Anexado ao libro de mantemento debe figurar o contrato en vigor suscrito coa empresa mantedora.
 3. O libro de mantemento dos sistemas depurativos estará a disposición do órgano municipal competente.
 4. Queda prohibida a manipulación do sistema de depuración por parte de persoal alleo á empresa especializada encargada do mantemento.
 5. Calquera tipo de operación de reacondicionamento (pintado, por exemplo) ou modificación dos sistemas de depuración deberá contar coa autorización previa do órgano municipal competente.

TÍTULO VIII.-Réxime xurídico

Artigo 24.-Intervención administrativa.

1. Para as actividades e instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza, as esixencias que puidesen ser aplicables controlaranse a través do correspondente título habilitante municipal, axustado ao previsto nesta Ordenanza e na normativa aplicable.

Os titulares destas actividades poderán ser requiridos, tanto con carácter previo, como unha vez iniciada a actividade, para que avalíen a incidencia, afectación e impacto xerados polas emisións da actividade na súa contorna.

2. A concesión do título habilitante das actividades e instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza realizarase unicamente cando dita actividade ou instalación estea dotada de todos os elementos correctores e evacuadores necesarios segundo o establecido na mesma.

3. No procedemento para a obtención do título habilitante aportarase a información necesaria para avaliar a potencial incidencia na súa contorna segundo o establecido nos artigos da presente Ordenanza: descrición da actividade, fontes de emisión, características dos sistemas preventivos e correctores, certificados, etc.

4. No suposto de modificación da actividade que deba dar lugar a modificación do título habilitante, comprobarase mediante o trámite de modificación o cumprimento das previsións da presente Ordenanza que puideran afectarlle.

5. Cando se trate de actividades suxeitas a calquera outro tipo de autorización municipal, as esixencias ás que se refire a presente Ordenanza serán controladas a través do correspondente título habilitante ou autorización administrativa, axustándose á normativa aplicable.

6. As actividades sometidas a cualificación ou autorización ambiental deberán poñer a disposición da administración municipal, si así é requirido, a documentación que acredite o cumprimento das medidas de control ambiental impostas na resolución ou documento que habilite para o seu funcionamento.

7. As actividades sometidas a cualificación ou autorización ambiental deberán contar coa correspondente autorización como actividade potencialmente contaminadora da atmosfera expedida pola administración competente, cando corresponda, para a obtención do título habilitante municipal.

Artigo 25.-Inspección.

1. O órgano competente do Concello de Ferrol poderá inspeccionar as actividades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza para comprobar o seu cumprimento.

2. O titular e o persoal da actividade ou instalación obxecto de inspección está obrigado a prestar a máxima colaboración durante a mesma.

3. O órgano competente do Concello de Ferrol poderá requirir para a inspección a asistencia da policía local e dos expertos que considere necesario, quedando sometidos ao segredo administrativo.

4. O persoal inspector elaborará o correspondente informe da inspección para iniciar, si é o caso, o procedemento sancionador ou para darlle traslado á administración competente, conforme á Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 26.-Infraccións.

1. Son infraccións administrativas en relación á presente Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas súas normas, así como a desobediencia dos mandatos de establecer medidas preventivas e/ou correctoras ordenadas pola Administración.

2. As infraccións clasifícanse en tres categorías: moi graves, graves e leves:

a) Son infraccións moi graves:

- I. Provocar incumprimento dos valores obxectivo de calidade do aire, no caso de actividades con autorización ou cualificación ambiental.
- II. Non dispoñer dos sistemas de evacuación e depuración de gases conforme ao establecido na presente Ordenanza.
- III. A instalación de evacuación de gases a fachada sen a correspondente autorización municipal.
- IV. O incumprimento do sinalado no art. 21.5 sobre incineración de residuos.
- V. A reincidencia en infraccións graves.

b) Son infraccións graves:

- I. Provocar incumprimento do valor límite de concentración de cheiro en inmisión.
- II. Non facilitar o acceso ou entorpecer o traballo da inspección municipal.
- III. Non adoptar nos prazos que estableza o órgano competente as medidas preventivas e/ou correctoras ordenadas tras a inspección municipal.
- IV. Ocultar ou alterar datos aportados ao expediente para a obtención do título habilitante.
- V. Non comunicar á administración local a realización de modificacións que poidan afectar ás condicións do título habilitante da actividade tras iniciar o seu exercicio.
- VI. Non cumprir as prescricións de instalación e mantemento conforme ao establecido na presente Ordenanza.
- VII. Reincidencia en infraccións leves.

c) Son infraccións leves:

- I. Non comunicar á administración local a realización de modificacións que poidan afectar ás condicións do título habilitante da actividade antes de iniciar o seu exercicio.
- II. As demoras inxustificadas na presentación da documentación solicitada pola administración local
- III. Calquera incumprimento do establecido na presente Ordenanza non tipificado como infracción grave ou moi grave.

3. Considérase reincidencia a comisión de máis dunha infracción da mesma categoría nun período de dous anos.

Artigo 27.-Sancións.

1. As infraccións tipificadas na presente Ordenanza serán sancionadas de acordo con:

- a) Infraccións leves: multa ata 500 euros
- b) Infraccións graves: multa desde 501 ata 1.500 euros
- c) Infraccións moi graves: multa desde 1.501 ata 3.000 euros

2. A imposición das sancións gardará a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo de infracción e a sanción aplicada. Neste senso consideraranse os criterios que a continuación se relacionan como circunstancias atenuantes ou agravantes para a gradación da sanción:

- a) Intencionalidade.
- b) Ánimo de lucro ou beneficio ilícito obtido.
- c) Grao de participación.
- d) Reincidencia, entendida ós efectos de agravante como a comisión doutra ou doutras infraccións da mesma natureza nos últimos cinco anos, que deran lugar á imposición de sanción firme en vía administrativa.
- e) O grao de superación do valor límite de concentración de cheiro en inmisión.
- f) Existencia ou non de controis esixibles na actuación realizada ou das precaucións precisas no exercicio da actividade.
- g) Custo da restitución.

h) A adopción espontánea polo infractor de medidas eficaces para reparar o dano causado, con anterioridade á iniciación do procedemento sancionador, e a colaboración activa no esclarecemento dos feitos.

i) As diferenzas entre os datos facilitados e os reais.

Artigo 28.–Procedemento sancionador.

1. A imposición das sancións establecidas nesta Ordenanza rexerese pola normativa vixente en materia de procedemento sancionador en materia de medio ambiente.

2. No caso de infraccións leves, previo ao inicio do procedemento sancionador, apercibirase ao presunto infractor para que dea cumprimento ao disposto nesta Ordenanza nun prazo que oscilará entre un e seis meses, segundo estime o órgano municipal competente á vista da tipoloxía da infracción, en cuxo caso, non se iniciará o citado procedemento.

3. A resolución que poña fin ao procedemento sancionador poderá acordar, ademais da correspondente multa, a adopción de medidas correctoras e/ou reparadoras, así como a indemnización polos danos e prexuízos ocasionados. A reparación terá por obxecto lograr a restauración do medio ambiente e a reposición dos bens alterados á situación preexistente á comisión dos danos ou á produción das alteracións.

4. A tramitación de procedemento sancionador realizarase sen prexuízo da tramitación do expediente de reposición á legalidade urbanística que corresponda en relación co título habilitante municipal para o exercicio da actividade ou da execución de obras, de ser o caso.

Artigo 29.–Medidas provisionais.

1. O órgano competente do Concello de Ferrol para a resolución do procedemento sancionador, en casos de infraccións graves ou moi graves, e previamente ao inicio de dito procedemento, poderá acordar a adopción das medidas provisionais seguintes:

- a) Precintado do foco emisor
- b) Clausura temporal da actividade
- c) Suspensión temporal do título habilitante da actividade

2. Estas medidas provisionais deberán ser ratificadas, modificadas ou levantadas no acordo de inicio del procedemento sancionador, que comezará durante os quince días seguintes á adopción de dito acordo.

Artigo 30.–Potestade sancionadora e órganos competentes.

1. As infraccións das normas desta Ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía ou ben por outros órganos da Administración Municipal, xa sexa en virtude das competencias que especificamente lles atribúa outra ordenanza ou ben cando dito exercicio lles fora confiado por delegación.

2. O procedemento sancionador por infracción da presente ordenanza será tramitado pola unidade administrativa do Concello que corresponda por razón das súas competencias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: actividades e instalacións existentes

O Concello de Ferrol, trala inspección municipal correspondente, poderá requirir o cumprimento do establecido na presente Ordenanza a calquera das actividades e instalacións existentes das sinaladas no art. 4.1, dispoñendo un prazo de entre dous e seis meses para darlle cumprimento dende a data de recepción do requirimento municipal e segundo se especifique no mesmo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: cambios na contorna

1. Cando por causa da modificación da súa contorna, unha cheminea ou punto de evacuación de gases, partículas ou cheiros dunha instalación ou actividade incluída no ámbito de aplicacións desta Ordenanza, deixe de satisfacer os criterios establecidos no TÍTULO V ou TÍTULO VI segundo corresponda, o titular deberá facer as adaptacións pertinentes para darlle novamente cumprimento.

2. O titular disporá dun prazo de SEIS MESES, a contar dende a data da modificación da contorna, para realizar ditas adaptacións.

3. As adaptacións a realizar deberán ser comunicadas ou solicitadas previamente ao órgano competente do Concello de Ferrol para o seu informe ou autorización.

ANEXO I. Enquisa de percepción de cheiros

(A cubrir pola Policía Municipal ou Funcionario do Concello de Ferrol)

Reencha os espazos ou marque unha X segundo corresponda

DATOS DO ENQUISADO		
Nome e apelidos		
DNI		
Dirección		
Teléfono		
Idade		Sexo <input type="checkbox"/> M <input type="checkbox"/> F
Horas ao día de permanencia na zona		

1.-Sinte vostede os cheiros procedentes de/da (nome da actividade)?

- Si
 Non
 Non sei / Non contesta

2.-Con respecto ao cheiro que vostede percibe, a súa frecuencia é:

- Puntual
 Diaria
 Semanal
 Mensual
 Estacional

3.-Con respecto ao cheiro que vostede percibe, a intensidade é:

- Moi forte
 Forte
 Débil

4.-Con respecto ao cheiro que vostede percibe, a súa duración é:

- 1 minuto
 10 minutos
 1 hora
 6 horas
 > 12 horas

5.-A qué cheiro se asemellan?

- Ovo podre
 Col podre
 Peixe podre
 Fecais
 Picante
 Irritante
 Allo
 Outros (indicar):

6.-A qué hora/s percibiu máis cheiro?

- 00.00-03.00

- 03.00-06.00
- 06.00-09.00
- 09.00-12.00
- 12.00-15.00
- 15.00-18.00
- 18.00-21.00
- 21.00-00.00

7.-Outras observacións que se queiran facer constar:

DATOS DO ENQUISADOR (FUNCIONARIO)	
Nome e apelidos	
Data, hora e firma	

ANEXO II. Circunstancias eximentes para instalación de cheminea

1. Que a instalación da cheminea puidese ocasionar a existencia de problemas estruturais ou que a instalación requira de medios técnicos ou económicos desproporcionados.
2. Que a tipoloxía do edificio (catalogado, histórico, etc.) o impida.
3. A non autorización de cheminea por parte da comunidade de propietarios do edificio.

Ferrol, 6 de maio de 2019.

A concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade

María Fernández Lemos

2019/3547